



Desde o equipo de normalización e dinamización lingüística, enviámosvos con certa regularidade folletos que conteñen informacións que consideramos de interés para as persoas adultas da nosa comunidade educativa. Parte desta información, utilizámola para traballar nas aulas, pero neste caso o noso obxectivo é compartir con vós este texto e facelo, como non, utilizando a lingua galega.

Grazas pola vosa atención.

OS REIS MAGOS:

UNHA TRADICIÓN VIXENTE



CEIP CARLOS CASARES

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

CURSO 2012-2013

Os Reis Magos é o nome polo que a tradición denomina os visitantes que acudiron desde países estranxeiros para rendirlle homenaxe e agasallar ao neno Xesús. Eran sacerdotes, persas moi sabias.

Representaban as razas básicas naquel momento: un era loiro, outro moreno semita e un terceiro negro. Levaban ofrendas: ouro, mirra e incienso.

Melchor, o máis ancián, de brancos cabelos e longa barba, procedía de Europa. Entrega o máis precioso dos metais, o ouro; isto simboliza a predición como futuro rei de Xesús.

Gaspar é o máis novo e rubio dos magos, de tez cobriza, procedía de Asia. Gaspar entrega o incienso, unha preparación de resinas aromáticas vexetais, ás que se engaden aceites que ao arder desprenden un fume oloroso e fragante. Provéen de Arabia e Abisinia. O incienso era o símbolo de Deus e recoñecía a Xesús como sacerdote.

Baltasar, de raza negra, procedía de Africa, era de orixe árabe. Leva a mirra, que é unha substancia vermella aromática común no medio Oriente e Somalia. Valorada na antigüidade para elaborar perfumes empregados nas sepulturas, a mirra é o símbolo do home. Segundo algunhas crenzas, podería predicir a morte de Xesús.

Trasládábanse en camelos, porque atravesaban o deserto; empregábase este animal pola resistencia ás zonas con falta de auga.

Os Reis Magos foron mencionados por primeira vez entre os anos 675 e 735 polo monxe Beda, o Venerable (monxe historiador inglés).

Hai dous milenios, chamábanse Reis Magos aos filósofos e aos conselleiros reais, estudosos da astronomía e astroloxía.

Non se sabía cantos eran os magos, ata que o Papa San León, no século V estableceu que eran tres. Según outras lendas aparece un cuarto rei: Artabán. Os armenios aseguran que eran doce, pero non os nomean en ningún documento.

Os restos do Reis Magos estiveron durante trescentos anos en Constantinopla, hoxe Estambul (Turquía). Logo foron trasladados a Milán, ata que no 1162 o emperador "Barbarroja" saqueou Milán e entregou os restos ao arcebispo Reinaldo de Dassel, quen decidiu que ditos restos se trasladasen a Köhln (Colonia). Os restos descansan nun cofre de ouro e prata que pesa 350 kg e que está nunha capela que mandou construír Carlomagno nesta cidade alemana. Despois da adoración, algúns afirman que se consagraron bispos e foron mártires.

Otro dous enigmas dos Reis Magos é a natureza do astro que os levou ata o pesebre de Xesús. Para moitos autores, era un cometa ou meteoro luminoso. Hai quen mantén que poido tratarse do cometa Halley.

A festa dos Reis celébrase o 6 de Xaneiro, denomínase Epifanía, que significa a manifestación da divindade de Cristo a todos os pobos da antigüidade que seguiron o cristianismo.

O costume de pór os zapatos a véspera da noite de Reis iniciouse en Holanda.

Nalgúns países, os nenos colocan medias en lugar de zapatos.

O día 6 é festivo en España, Uruguay, en partes de Alemaña (Baviera, Baden-Württemberg e Sajonia-Anhalt), en Austria, Italia, Suecia, Finlandia, Croacia, Liechtenstein, Eslovaquia e en partes de Suíza (Schwyz, Tessin, Uri e algunhas comunidades do cantón Graubünden).

Costumes relacionados cos Reis Magos

En España, os magos poñen os agasallos onde os nenos deixaron os seus zapatos. Tamén se deixan doces para os Reis, auga ou comida para os camelos.

En México atópase o santuario máis importante do mundo adicado aos Tres Santos Reis, en Tizimín (Yucatán), visitado por milleiros de persoas.

En Porto Rico, na noite do 5 de xaneiro os nenos recollen grama que deixan nunha caixa de zapatos para alimentar aos camelos, ali deixaranlle os regalos.

En Perú, xa non acostuman a agasallar nesta data. Pero si celebran a "Baixada dos Reis", que consiste en retirar os adornos e deixar cartos.

En tempos da colonización española, especialmente en Cuba, República Dominicana, Porto Rico, México e Uruguai, ese día era de descanso para os escravos negros que saían a bailar ao ritmo dos tambores. Por iso se celebra como a "Pascua dos Negros", por exemplo en Paraguai a comunidade afroparaguaia celebra o día do seu santo Baltasar.

Antiguamente celebrábase o día 6 o fin das festas e cociñábase un pastel onde escondían unha faba ou unha moeda de prata, quen o atopaba era nomeado rei, dos xudeos ou señor do desorden e encargábase dos festexos da noite. Esta tradición deu orixe ao roscón de reis (ou rosca de reis) que se toma ese día e que agocha unha sorpresa. En México, dita rosca ten varios monecos, quen os atopa debe facer tamales e atole o 2 de febrero, día da Candelaria.

En Alemaña, a pesar de ter os restos dos Reis Magos, estes non traen os agasallos. Pero desde o século XVI existen os "Sternsinger" (cantores da estrela). Son nenos disfrazados de Reis Magos que van polas casas pedindo cartos para financiar proxectos para nenos vítimas de conflitos, a cambio cantan e escriben unha bendición na porta das casas.